



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 16 de xaneiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 9 de xaneiro de 2019.
2. Concédese licenza de legalización de obras de remodelación interior completa de planta primeira, ampliación de planta baixa e modificacións na configuración da cuberta, e licenza de obras de remate e recuperación de volume orixinario de cuberta en vivenda sita na rúa Doutor Otero Ulloa, nº 65, Seixo, Marín.
3. Concédese licenza de obra maior de mellora de accesibilidade no edificio sito na rúa Concepción Arenal, nº 123, Marín.
4. Concédese licenza de obras para substitución parcial de cuberta do conxunto de vivenda unifamiliar e saneamento de fachada da vivenda tradicional unifamiliar sita en Ruanova, 6-B, Marín.
5. Apróbase o proxecto técnico de obras de “Mellora e renovación do alumeado público exterior da rúa República Argentina”, cun orzamento base de licitación de 48.293,01 euros, IVE incluído.
6. Iníciase o expediente de contratación das obras de “Pavimentación da rúa Alcalde Ezequiel Massoni”, cun orzamento base de licitación de 132.139,19 euros, con cargo á subvención incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
7. Iníciase o expediente de contratación das obras de “Renovación de servizos en rúa do Tombo”, cun orzamento base de licitación de 172.248,57 euros, con cargo á subvención incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
8. Resólvense as alegacións presentadas por un licitador no procedemento aberto simplificado, modalidade abreviada, para a contratación da obra denominada “Mellora e renovación do alumeado público exterior A Brea-Ameal”, non tomándoas en consideración.
9. Solicítase subvención ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 39.989,81 euros, con destino á realización do investimento “Rehabilitación superficial do pavimento da vía de praias (Portocelo)”.
10. Solicítase subvención ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 39.960,88 euros, con destino á realización do investimento “Prolongación da rede de saneamento da rúa A Costa”.
11. Solicítase subvención ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 48.431,05 euros, con destino á realización do investimento “Instalación de mobiliario urbano na rúa Alcalde Ezequiel Massoni”, comprometendo o Concello unha achega de 5.160,99 euros.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300025B2200P3A1R3W6I8Y1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190154402
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/01/2019 09:17:54	Fecha: 24/01/2019 Hora: 09:17



12. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria da concesión de préstamos sen xuros a municipios da provincia de Pontevedra para o ano 2019, da Deputación de Pontevedra.
13. Solicítase subvención ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, dentro da Liña 3, denominada “Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais”, con destino á contratación de dez peóns de obras públicas e tres conserxes, por importe de 112.858,20 euros, comprometendo o Concello a achega de 2.730,00 euros.
14. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 47.190,00 euros, concedida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia, coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
15. Subsánase a solicitude de adhesión á rede de oficinas de turismo “Info Rias Baixas”, da Deputación de Pontevedra, dun punto de información turística.
16. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da comunicación da Deputación de Pontevedra da prórroga das bolsas de práctica laboral na Deputación e en concellos da provincia de Pontevedra, correspondentes ó Plan de Práctica Laboral 2018, por un período dun mes, ata o 31/01/2019.
2. Solicítase subvención, por importe de 15.000,00 euros, ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, dentro da Liña 2, denominada “Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídas Actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais”, con destino á “VIII Carreira +10 Marín Manuel Rosales”.
3. Solicítase subvención, por importe de 15.000,00 euros, ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, dentro da Liña 2, denominada “Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídas Actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais”, con destino á “I Subida Concello de Marín”.
4. Solicítase subvención, por importe de 65.000,00 euros, ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, dentro da Liña 2, denominada “Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídas Actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais”, con destino á “Festa Corsaria 2019”, comprometendo o Concello a achega de 2.000 euros.
5. Adxudícase o contrato de obras de “Mellora do comportamento hidráulico do Río Lameira. Fase II”, incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra, á empresa Nexia Infraestructuras, S.L.U., por importe de 65.335,87 euros, IVE excluído.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300025B2200P3A1R3W6I8Y1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190154402
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/01/2019 09:17:54	Fecha: 24/01/2019 Hora: 09:17

